

## BANDO DE INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓNS DO ANO 2014

En cumprimento do establecido na vixente lexislación urbanística e de rehabilitación edificatoria, e rexeneración urbanas, e, consonte coas atribucións que me confire a Lei 7/1985, do 2 de abril,

### DISPOÑO

Que todos os propietarios (persoas físicas, persoas xurídicas, comunidades de propietarios) e titulares de calquera outro dereito sobre as edificacións emprazadas no termo municipal de Ferrol deberán realizar a inspección técnica das súas edificacións, achegando informe expedido polo técnico facultativo competente que eles mesmos designen, pola súa conta e cargo, para:

– Aqueles edificios de tipoloxía residencial de vivenda colectiva cunha antigüidade superior a 50 anos e para aqueles cuxos titulares pretendan acollerse a axudas públicas co obxectivo de acometer obras de conservación, accesibilidade universal ou eficiencia enerxética, deberán presentar o **Informe de Avaliación de Edificios**, segundo o modelo previsto no anexo II do Real Decreto 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan Estatal de Fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración urbanas, 2013-2016 (publicado no BOE do 10/04/2013).

Deberán realizar a devandita inspección técnica, **NO PRAZO MÁXIMO DE UN MES**, as edificacións de tipoloxía residencial de vivenda colectiva que estén catalogadas ou emprazadas en conxuntos declarados ou incluídos nas áreas de rehabilitación integral (**Barrios de Ferrol Vello, a Magdalena, A Graña e Esteiro**) con independencia de cal sexa a cualificación do solo no que estean situadas e do seu uso, agás aquelas edificacións sometidas a expediente contradictorio de ruina e as declaradas en ruina mediante resolución firme.

Entenderase como idade da edificación o tempo transcorrido dende a data de finalización total da súa construción, agás cando se tivesen executado obras de reforma xeral que afectasen á edificación completa e que teñan sido debidamente aprobadas mediante a licenza e autorizacións sectoriais esixidas, en cuxo caso o prazo comezará a contar a partir da data de emisión do preceptivo certificado de finalización de obra ou licenza de primeira utilización.

Advírtese expresamente de que a falta de presentación do informe considerárase un incumprimento do deber de realizar a inspección técnica e dará lugar a que o órgano competente ordene a súa práctica inmediata outorgando un prazo de seis meses para a súa realización con apercibimento da súa execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 600 euros, reiterables mensualmente ata un máximo de tres; en cuxo caso incoarase polo Concello o procedemento de execución subsidiaria, sen prexuízo do inicio do expediente sancionador ao que tivese lugar polo incumprimento.

Así mesmo, non poderán concederse axudas municipais á rehabilitación total ou parcial das edificacións sen cumprir en prazo coa obriga de presentar o informe de inspección técnica da edificación ou o informe de avaliación de edificios correspondente.

A relación dos inmobles suxeitos á devandita obriga están a disposición dos interesados no Taboleiro de Editos do Concello - Casa do Concello, Praza de Armas, s/n e na Casa Solidaria, sita na r/ Velázquez nº 44 esquina Avda de Vigo -, para xeral coñecemento.

Ferrol, 17 de marzo de 2014

O alcalde

Jose Manuel Rey Varela

